

VIII CONVOCATORIA DE RECOÑECIMIENTO DE CIDADES AMIGAS  
DA INFANCIA. UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017



CONCELLO DE TEO

**Ignacio Iglesias Villar**

Concelleiro de Benestar, Igualdade, Mocidade e Participación Veciñal

[ignacioiglesias@teo.gal](mailto:ignacioiglesias@teo.gal)

**Eva López Soto**

Técnica de Servizos Sociais Comunitarios

[educacionfamiliar@teo.gal](mailto:educacionfamiliar@teo.gal) / 630504106

## Índice

1. AGRADECIMENTOS.....	3
2. PRESENTACIÓN.....	4
3. CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
4. ACTIVIDADES. ANO 2017.....	10
Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal.....	10
Área de actuación: Servizos Sociais Comunitarios.....	10
Área de actuación: Igualdade.....	20
Área de actuación: Mocidade.....	22
Cultura e educación.....	23
Área de actuación: actividades culturais.....	23
Área de actuación: bibliotecas, animación á lectura e contacontos.....	27
Área de actuación: Servizo de Normalización Lingüística (SNL).....	28
Área de actuación: actividades educativas, programas socioeducativos.....	30
Área de actuación: Grupo de traballo de Educación Ambiental do CEM.....	38
Deportes.....	42
Servizos básicos.....	45
5. FUNCIONAMENTO DO FoPIA.....	46
6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS E EXTERNOS.....	50
Mesa de coordinación interna.....	50
Mesa Comunitaria (de coordinación externa).....	50
7. ORZAMENTO EXECUTADO.....	52
9. FONTES CONSULTADAS.....	56

## 1. AGRADECEMENTOS

O Concello de Teo quere agradecer ás seguintes persoas e entidades a súa colaboración e/ou participación na realización do conxunto de actividades e iniciativas descritas neste documento. Sen elas e eles non tería sido posible levalas adiante. Damos as grazas:

- Aos centros de ensino CEIP da Ramallosa, CEIP A Igrexa – Calo, CEIP Os Tilos e IES de Cacheiras, ao seu profesorado e ANPAS e especialmente ao alumnado de 6º de primaria e de 1º da ESO, pola súa ilusión, creatividade e, sobre todo, pola súa vontade participativa e colaborativa.
- Á Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos e ás súas monitoras e monitores polo seu traballo diario en favor da infancia e a adolescencia e pola súa disposición tan positiva e construtiva.
- A todas as persoas e entidades que participaron e participan na Mesa Comunitaria, polas súas valiosas achegas e dispoñibilidade.
- Ás persoas técnicas e con responsabilidades políticas das diferentes áreas e departamentos do Concello de Teo involucradas no desenvolvemento das actividades e iniciativas recollidas nesta memoria (Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal, Cultura e educación, Deportes, Servizos básicos), pola súa dedicación, motivación e traballo inesgotables.
- A Marta Andrade Blanco, responsable de Sensibilización e Políticas de Infancia de UNICEF Comité Galicia, polo seu apoio, soporte e ánimos.
- Á FEGAMP, á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a UNICEF Comité Galicia por nos pór na senda do Programa Cidades Amigas da Infancia (CAI).

## 2. PRESENTACIÓN

Esta memoria recolle aquelas actividades desenvolvidas polo Concello de Teo no ano 2017 a través das súas diferentes concellarías e áreas de goberno, e que tiveran como protagonistas principais as persoas menores de idade que viven e/ou estudan no noso municipio. As actividades dispóñense segundo as áreas en que estivo organizado o Concello de Teo nese ano.

Para a elaboración desta memoria colaboraron tanto o actual equipo de goberno como persoas técnicas con responsabilidades nas áreas de:

- Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal.
- Cultura e educación.
- Deportes.
- Servizos básicos.

A coordinación destas áreas e das súas accións realizouse tanto a través das sesións da Xunta de Goberno Local como dos plenos da corporación local. Contouse ademais cunha comunicación fluída cos centros de ensino, as ANPAS e as asociacións locais.

Gustaríanos destacar que no último trimestre do ano 2017 demos comezo ao proceso de adhesión ao programa Cidades Amigas da Infancia (CAI) da UNICEF, o cal implicou, entre outras medidas, promover a creación tanto do Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) como do Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) e das Mesas de coordinación interna e da Mesa comunitaria (para a coordinación externa). Estas novas ferramentas de participación e coordinación deron os seus primeiros pasos a partir de outubro de 2017 por medio de obradoiros formativos e de diagnóstico sobre o programa para o profesorado e o alumnado de 6º de primaria dos 3 centros de ensino do municipio, para o alumnado de 1º da ESO do instituto, para as ANPAS e para as monitoras e menores da Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos.

Este proceso de adhesión ao programa CAI pretende axudar a dar forma e a mellorar a metodoloxía de traballo preexistente no Concello de Teo. Procúrase favorecer, sobre todo, a participación activa e real da infancia e adolescencia e a comunicación e colaboración entre persoas, entidades e administración municipal, dando lugar así a unha alianza local que nos axude a avanzar aínda máis cara ao cumprimento da Convención dos Dereitos do Neno e da Nena.

Rafael Sisto Edreira, alcalde do Concello de Teo



*1. Ilustración: Primeira reunión do Consello Local da Infancia e a Adolescencia de Teo. 24 de febreiro de 2018.*

### **3. CONTEXTUALIZACIÓN**

O Concello de Teo sitúase na provincia da Coruña e forma parte da comarca de Santiago, xunto aos concellos de Val do Dubra, Ames, Boqueixón, Brión, Vedra e a propia capital de Galicia. Os seus lindes polo norte márcanos Ames e Santiago, polo sur Padrón e A Estrada, polo leste Vedra e polo oeste Brión e Rois. Está formada por trece parroquias: Baamonde, Cacheiras, Calo, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Recesende, Reis, Teo, Os Tilos e Vilariño.

Teo abrangue un total de 80 km<sup>2</sup>, presenta suaves pendentes que descenden progresivamente desde a zona norte e oeste. Un descenso que ten a súa orixe na Pena Agrela (410 m. de altura), o Alto de Montouto (a 339 m.) e o monte Pulga (a 373 m.) e que remata a menos de 100 m. sobre o nivel do mar ao chegar ao val do Ulla. Polo concello pasan os ríos Santa Lucía, Tella, Rego do Chao (ambos afluentes do Ulla) e o río Tinto (afluente do Sar).

No relativo ao clima, Teo encádrase no dominio oceánico hiper-húmido. As temperaturas son suaves matizadas pola presenza do val do Ulla no sur e pola altitude das áreas setentrionais. A temperatura media anual sitúase entre os 13º e os 4ºC, reducíndose no período do inverno a 7-9ºC. As precipitacións son elevadas, especialmente no norte do termo municipal, xa que se trata dunha zona exposta directamente á entrada de masas húmidas.


O Concello de Teo existe como tal desde 1834 (anteriormente o seu territorio formaba parte do Concello de Oza), ano en que o municipio se integrou no partido xudicial de Padrón. Un ano máis tarde, xurdiu unha nova división municipal da que xurdiu o Concello de Teo e o seu termo; e no 1836 o Concello de Teo quedou definitivamente integrado polas actuais 13 parroquias (Bamonde, Cacheiras, Calo, Lampai, Lucí, Luou, Os Tilos, Oza, Rarís, Recesende, Reis, Teo e Vilariño).

Na actualidade, Teo ten unha poboación de 18.478 persoas, das cales 9.411 (un 50,94%) son mulleres e 9.067 (un 49,06%) son homes. Nas últimas décadas o Concello experimentou un incremento da poboación nos núcleos máis urbanos, nos corredores de Cacheiras e Calo. Aínda así, en Teo seguen a ter unha grande importancia as parroquias máis rurais. Segundo os datos do IGE, no 2016 o índice de envellecemento do concello sitúase en 90,911, sendo a media galega 153,7. No 2015, a idade media á maternidade era de 33,12 anos e o número medio de crianzas por muller era de 1,02.

A poboación censada en Teo menor de idade, é dicir, de entre os 0 e os 18 anos foi no 2017 dun total de 3.300 persoas, segundo os datos do IGE, distribuíndose por sexo e por idades do seguinte xeito:

		Poboación de 0 a 18 anos, por idade e por sexo (2017)																		
		0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
Homes		73	75	72	82	72	86	94	92	88	83	108	109	90	107	80	107	92	95	92
Mulleres		59	62	71	75	94	82	88	73	109	104	102	91	85	97	76	108	92	66	69
Total		132	137	143	157	166	168	182	165	197	187	210	200	175	204	156	215	184	161	161

No ano 2014, o produto interior bruto (PIB) do concello foi de 216.213 miles de euros, o que equivale a 11.625 euros de media por habitante, segundo o IGE. A nivel empresarial, no 2017 o número total de empresas en funcionamento foi de 1.337, repartidas nos seguintes sectores:



A taxa de paro do concello situouse no mes de xaneiro de 2018 en 1.097 persoas paradas, das cales 482 (o 43,93%) foron homes e 615 mulleres (o 56,06%), segundo os datos do Boletín mensual de paro da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

A nivel de mobilidade destaca a creación en 2017 do servizo Teobus, unha liña interna de transporte. Coa súa implantación pretendeuse facilitar a mobilidade de todos os habitantes do concello, de maneira que poidan conectarse o maior número de parroquias con puntos de interese como a propia Casa do Concello, os centros de saúde, a piscina municipal e os corredores principais da AC-841 e a N-550. Esta rede de transporte intra-municipal foi deseñada tamén para facilitar os transbordos con outras liñas que conectan o concello con Santiago. Para facilitar o uso deste servizo, existen bonificacións municipais do 50% para a mocidade estudante até o 25 anos, para persoas maiores de 65 anos e para persoas con diversidade funcional.

A maioría das crianzas e adolescentes dos centros do concello teense pertencen a familias cun nivel socioeconómico medio e medio-baixo, cunha situación laboral de



ocupación de ambos os membros parentais ou polo menos un deles, e proceden dun medio rural ou semiurbano.

O Concello de Teo conta cun total de 8 centros destinados a crianzas e adolescentes de entre 0 a 18 anos: 3 Escolas Infantís Municipais (Os Tilos, Calo, A Ramallosa), 3 Centros de Educación Infantil e Primaria (Os Tilos, Calo e A Ramallosa), o Centro Rural Agrupado en Calo e o IES de Cacheiras. A nivel sanitario existen catro centros de saúde (Folgueiras, Os Tilos, Cacheiras e Pontevea). O Concello conta ademais con diversos recursos nos ámbitos cultural, histórico-artístico e deportivo: a Biblioteca Municipal (con dous puntos de atención: BPM do Grilo-Cacheiras e BPM dos Tilos), as Casas comúns municipais (instalacións socioculturais situados en 10 lugares do concello), hai 3 pavillóns polideportivos, 3 campos de fútbol, 1 piscina cuberta, 2 piscinas descubertas, campos de xogo con canchas, e 33 parques infantís. Ademais, o tecido asociativo de ámbito folclórico, artístico e musical conta con locais e infraestruturas importantes no municipio. En concreto, a Asociación Rosalía de Castro en Cacheiras, Asociación A Mámoa, en Luou, Asociación Pontearella en Reis, e Sociedade Recreativa de Calo.

## **4. ACTIVIDADES. ANO 2017**

### **Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal**

#### **Área de actuación: Servizos Sociais Comunitarios**

Os Servizos Sociais do Concello de Teo están conformados polo conxunto de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades e o acceso á calidade de vida e á participación social do conxunto da poboación do municipio.

A súa actividade aínda que desenvolvida pola administración municipal enmárcase nun sistema máis amplo de atención, o Sistema Galego de Servizos Sociais, e por este motivo cando nos achegamos a este departamento do Concello poderemos atoparnos con que as respostas ás nosas demandas se resolven totalmente no ámbito local e que outras precisan da coordinación e/ou intervención directa doutras administracións, principalmente a da Xunta de Galicia.

Entre os ámbitos máis habituais de actuación dos servizos sociais municipais están: a protección de colectivos vulnerables como son as persoas menores, as maiores ou aquelas con diversidade funcional, o acceso a recursos de atención á dependencia, a educación e orientación familiar, a busca de alternativas ante carencias económicas graves ou a promoción da inclusión social de colectivos específicos. Esta intervención concrétase en prestacións tanto técnicas, é dicir información, orientación e intervención social por parte das profesionais que conforman equipo de traballo, como axudas de carácter económico ou material ou acceso a bonificacións e servizos específicos.

#### **Equipo profesional**

O equipo dos Servizos Sociais compóñeno unha auxiliar administrativa, unha educadora social e tres traballadoras sociais, destas tres dúas exercen como profesionais de referencia para o conxunto da poboación do Concello, distribuíndo este por parroquias. A primeira das unidades de atención aglutina as parroquias de: Bamonde, Cacheiras, Lucí, Os Tilos, Oza, Teo, Vilariño. A segunda unidade atende a poboación das parroquias de: Calo, Lampai, Luou, Rarís, Recesende e Reis.

A seguir explícanse os servizos, programas e axudas que teñen que ver directamente coa atención á infancia, á adolescencia e ás familias.

1. Servizo de educación e apoio familiar.

Trátase dun servizo básico dos servizos sociais comunitarios que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

Obxectivos:

- Promover a adquisición de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das funcións parentais.
- Pór á disposición das familias atención psicolóxica, alternativas, recursos e itinerarios socioeducativos.
- Favorecer a integración, promoción e participación das familias.
- Previr situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social.
- Seguimento e intervención nas familias derivadas a servizos especializados de menores.
- Promover espazos de encontro de nais e pais dirixidos á formación compartida e a mellora da educación.

Actividades:

- Realizar entrevistas para facer análise das diferentes realidades familiares e diagnosticar os problemas.
- Deseño de proxectos personalizados de intervención.
- Actuacións periódicas para promover cambios nos hábitos e condutas segundo o formulado nos proxectos de cada familia.
- Coordinación e traballo en rede con outros profesionais que interveñen coa familia e coa infancia.
- Actuacións socioeducativas de reforzo de actitudes e comportamentos positivos.

- Emisión de informes para outros profesionais e entidades públicas que interveñen no caso.

No cadro que segue pode verse a evolución de familias atendidas de 2014 a 2017:

2014	2015	2016	2017
28	24	33	38

Como se pode observar na táboa e no cadro seguinte, desde o ano 2016 o aumento da demanda é do 9%, sendo a tendencia a seguir aumentando no 2017. Neste ano, benefíciáanse do programa un total de 38 familias, chegando a un total de 55 nenas e nenos, en concreto, 21 nenas e 34 nenos de entre 0 e 18 anos. O total de persoas ascende a 151.

Os motivos principais da necesidade da intervención socioeducativa aparecen na seguinte táboa:

Apoio educativo para a promoción da autonomía persoal e a integración social	2
Apoio na parentalidade positiva	7
Apoio na monomarentalidade, apoio emocional, mellora autoestima	2
Apoio para a integración sociocomunitaria	8
Mediación familiar	1
Orientación familiar	1
Absentismo escolar	3
Discapacidade	7
Acoso escolar	1
Acollemento familiar	4
Maltrato infantil	2

Das 38 familias atendidas, 10 teñen expediente de protección (26,31%), incluíndo os acollementos familiares, que supoñen un 40% do total de expedientes de protección abertos no Equipo Técnico do Menor da Consellería de Política Social.

## 2. Programa de apoio escolar.

Concibido dentro do propio *Servizo de Educación e Apoio Familiar*, en 2013 comezan as actuacións compensatorias de reforzo escolar dirixidas a nenas e nenos en dificultade social. A partir desa edición fóronse introducindo cambios que procuraron a ampliación tanto temporal como en número de persoas participantes na actividade.

A participación de nenas e nenos desde o ano 2013 até a actualidade é a seguinte:

2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
21	20	17	17

A actividade distribúese en catro grupos, dous deles de secundaria e dous de primaria, nos que se procura unha atención personalizada centrada nas necesidades do alumnado. Desde este enfoque, poténcianse as competencias básicas de cada participante, promóvense hábitos de estudo e aséntanse as bases para unha aprendizaxe autónoma e máis satisfactoria. Así mesmo, nestas aulas refórzanse coñecementos e resólvense dúbidas sobre as temáticas que están sendo abordadas na escolarización ordinaria, incrementándose as expectativas de éxito escolar, non só por parte do propio alumnado, senón tamén das súas familias e profesorado.

O programa é coordinado polo Servizo de Educación e Apoio Familiar dos Servizos Sociais Municipais e procura a máxima colaboración cos equipos docentes dos centros educativos nos que se atopa escolarizado o alumnado. Este traballo conxunto desenvólvese tanto no proceso de avaliación de necesidades como no seguimento e avaliación final de cada participante.

## 3. Bonificación de actividades extraescolares, de conciliación e/ou de lecer e tempo libre.

A ordenanza municipal reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas establece unha exención total da praza para aquelas familias en situación económica desfavorable, xustificándose ben a través da situación económica, ben a través dun informe dos servizos sociais do concello de Teo. A este respecto realízanse 6 bonificacións nas propias actividades municipais culturais e deportivas durante o ano 2017. Existen tamén exencións totais en actividades

municipais como Diverteo ou o servizo de Madrugadores a través dun informe dos servizos sociais.

Asemade, existen bonificacións de prazas en Asociacións privadas con ou sen ánimo de lucro. Así na ARC Os Tilos no ano 2017 bonificáronse 4 prazas, e na Academia de inglés Gola 3 prazas.

#### 4. Colaboración coa ANPA do CEIP A Ramallosa.

No último trimestre do ano 2017 leváronse a cabo as seguintes actuacións de colaboración:

- Entrega de vales por 100 € de material escolar para 7 nenas e nenos pertencentes a familias en dificultade social.
- Asistencia gratuíta a actividades extraescolares para 7 nenas e nenos pertencentes a familias en dificultade social.
- Entrega de portátiles a 3 nenas e nenos pertencentes a familias en dificultade social.

#### 5. Prazas de emerxencia reservadas nas escolas infantís municipais.

Como xa se indicou, nas EIM existe unha reserva de unha praza por grupo de idade e centro durante o período de apertura destas. Estas prazas son cubertas atendendo ao seguinte criterio: “casos que sexan valorados pola unidade de traballo social correspondente como urxentes, baseándose en motivos técnicos diversos, pero relacionados co benestar do/da menor. Neste caso a adxudicación da praza será inmediata mediante resolución da Alcaldía, sempre que exista unha vacante, dándose conta á comisión de baremación na seguinte reunión que esta realice.

#### 6. Servizo de axuda no fogar.

Este servizo non está dirixido especificamente á infancia e adolescencia pero dentro do seu campo de actuación está incluído este sector poboacional en tanto que poboación especialmente vulnerable.

As atencións de carácter psicosocial e educativo están especialmente prescritas en caso de servizos de axuda no fogar dirixidos a unidades familiares nas que existen menores a cargo e se observan situacións familiares que poden repercutir negativamente no seu coidado.

7. Axudas municipais de emerxencia social e entregas de axudas materiais en especie.

Tampouco son axudas específicas para infancia. Non obstante, a cobertura de necesidades básicas de menores especificamente ou de unidades familiares nas que existen menores son obxecto preferente de cobertura. Tanto no relativo a alimentación e outros elementos básicos, mantemento da vivenda, subministracións de servizos básicos da vivenda, material escolar, vacinas non cubertas polo sistema público,...

8. O noso concello é socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade.

Cada ano o concello de Teo paga a cota de socio ao Fondo Galego de cooperación e Solidariedade, un organismo autonómico de cooperación internacional. NO ano 2017 con esta contribución financiáronse 3 proxectos, un deles dirixido especificamente á infancia: “Polo dereito a unha educación afectiva e sexual saudable para crianzas, adolescentes e mocidade do municipio de Chinautla”, en Guatemala.

Neste ámbito, destacar que no ano 2017 tamén se realizou unha achega específica para a Campaña de Refuxiados (ver orzamento Benestar 2017).

9. Escolas infantís municipais, tres centros:

- ➔ Escola infantil municipal dos Tilos, R/Ameneiro dos Tilos.
- ➔ Escola infantil municipal de Calo, lugar de Fixó, Calo.
- ➔ Escola infantil municipal da Ramallosa, na R/República de Arxentina, Lucí.

As EIM prestan atención a nenos e nenas escolarizados nelas, tanto nos aspectos educativos do primeiro ciclo de educación infantil como asistenciais: alimentación, coidado e hixiene, dentro do horario de funcionamento das escolas.

O servizo de escolas infantís do concello de Teo (en diante EIM) réxese, alén de polo establecido na normativa autonómica e estatal de referencia réxese pola seguinte normativa de ámbito municipal:

- Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais, publicado no BOP da Coruña número 234 do 07/12/2015.
- Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do servizo de escolas infantís municipais, publicada no BOP da Coruña número 103 do 31/05/2013; e a súa modificación publicada no BOP da Coruña número 228 do 27/11/2015.

- Normas de réxime interno: documento non publicado en diario oficial.

A educación infantil de primeiro ciclo está dirixida a nenos e nenas de idade comprendidas entre os 0 e 3 ano e cumpre unha dobre función, educativa e asistencial, ao tempo que un labor facilitador da conciliación persoal, laboral e familiar no que respecta ás familias.

As escolas infantís son o equipamento municipal no que se presta este servizo procurando o desenvolvemento harmónico e integral das nenas e nenos así como a conciliación das persoas adultas que se responsabilizan do seu coidado.

Son obxectivos específicos da escola infantil:

- a) Promover e fomentar o desenvolvemento integral das nenas e nenos e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas.
- b) Facilitar a conciliación entre a vida familiar, persoal e laboral.
- c) Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- d) Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.
- e) Respetar a singularidade e a diversidade de cada nena e neno contribuíndo a formar actitudes tolerantes.
- f) Posibilitar a integración progresiva de nenas e nenos na cultura do seu medio.
- g) Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias.
- h) Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo un uso axeitado destes.
- i) Facilitar a integración de menores con necesidades educativas especiais, sempre e cando as EIM conten cos recursos materiais e humanos necesarios.
- j) Acadar o desenvolvemento das capacidades de nenas e nenos nas dúas linguas oficiais de Galicia cara ao seu uso como vehículo de comunicación. Ademais procurarán a introdución dunha terceira lingua.



### Organización das unidades dos centros

No conxunto dos tres centros hai habilitadas 12 aulas. Existe certa variación na organización habitual destas respecto da autorización inicial e, alén disto cada curso efectúanse pequenos reaxustes neste ámbito co fin de establecer a mellor distribución para a atención da demanda de solicitudes. A seguir relaciónase a distribución que está acreditada no actual curso escolar 2017-2018.

- EIM dos Tilos: 3 unidades (1 de 0 a 1 anos, 1 de 1 a 2 anos e 1 de 2 a 3 anos). Capacidade: 41 prazas.
- EIM de Calo: 4 unidades (1 de 0 a 1 ano, 2 de 1 a 2 anos e 1 de 2 a 3 anos). Capacidade: 54 prazas.
- EIM da Ramallosa: 5 unidades (1 de 0 a 1 ano, 2 de 1 a 2 anos, 1 de 2 a 3 anos e 1 de 0 a 3 anos). Capacidade: 69 prazas.

Nos tres centros existe unha praza reservada por cada grupo de idade tanto en quenda de mañá como de tarde para atender situacións de urxencia. A agrupación por idades pode sufrir variacións en función dos criterios organizativos que asuma o Concello de Teo como titular do servizo de acordo coa normativa vixente e coa aprobación da administración autonómica. Nos momentos de baixa ocupación poden realizarse agrupamentos de varias idades, seguindo os criterios normativos (0-2: 10 prazas ou 0-3: 15 prazas). Eses agrupamentos deberán ser comunicados á administración local para a súa autorización e non poderán supor a limitación de prazas.

### Calendario e horario de atención

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excepto días festivos segundo o calendario laboral, 12 meses ao ano salvo causa xustificada; entre as 7:30 e as 20:30 horas ininterrompidamente. Durante os meses de xullo e agosto o horario de cada un dos centros adaptárase á demanda real das familias usuarias do servizo, podendo ser inferior ao anteriormente nomeado.

### Servizo de comedor

Os centros ofrecerán servizo de almorzo, xantar e merenda para o alumnado segundo o horario de asistencia deste. O seu custo corresponderase co establecido na normativa municipal reguladora dos prezos públicos pola prestación deste servizo.



Ademais as EIM prestan servizo de merenda de media mañá (ás 11h) sen custo para as familias.

#### Indicadores de cobertura do servizo

- Capacidade de coidado de nenos/as nas EIM: 164\* nenas e nenos  
*\* Datos correspondentes ao total de prazas simultáneas acreditadas nas EIM do Concello de Teo pola Consellería de Política Social para o curso 2017-2018 Consellería de Política Social.*  
  
175\* nenas e nenos  
*\* Datos correspondentes ao total de nenas e nenos incorporados ás EIM do Concello de Teo no actual curso 2017-2018, facilitados no último control de legalidade á Consellería de Política Social.*
- Taxa de cobertura escolar de poboación de 0 a 3 anos; 38,14%\*  
*\* Datos correspondentes á relación entre prazas simultáneas acreditadas (164) e os datos de poboación menor de 3 anos do Concello de Teo correspondentes ao padrón 2016.*  
  
40,69%\*  
*\* Datos correspondentes á relación entre prazas ocupadas ao longo de todo o horario de apertura (175) e os datos de poboación menor de 3 anos do Concello de Teo correspondentes ao padrón 2016.*

## **Orzamento executado**

Na seguinte páxina.

**Orzamento 2017 relativo a gastos en servizos directamente vencellados á infancia**

	Conceptos	Concreción do gasto	Contía
1	Retribucións de persoal		45.494,83
1.4	Técnica de grao medio- educadora	(Seg.Social: 10.905,89€)	45.494,83
4	Programas		71.136,55
4.1	Inserción social	Subtotal	60.036,24
4.1.1	Axudas de emerxencia social	Total actividade	58.824,49
		AES específicas menores	3.336,58
		AES para familias con menores	55.487,91
4.1.6	Nadal solidario	Total actividade	1.211,75
	Reis 2017	Agasallos de Nadal para familias	Juguettos 771,75 Eroski 440,00
4.3	Apoio escolar	Subtotal	11.100,31
	Docencia	Xaneiro a xuño de 2017 (1260€/mes)	Reverso 7.560,00
	Docencia	Outubro a decembro de 2017 (1300€/mes)	Reverso 3.300,00
	Seguro	Seguro de accidentes a través de Celtisegur	ALLIANZ SEGUROS 240,31
5	Servizos municipais		568.822,09
5.1	EIM		560.881,71
		Gasto sen investimento	551.886,61
	Contrato	Contrato	551.886,61
	Os Tilos	Pagamento mensual	3 persoas 1 34.166,67
	Calo	Pagamento mensual	3 persoas 2 34.166,67
	A Ramallosa	Pagamento mensual	3 persoas 3 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 4 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 5 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 6 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 7 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 8 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 9 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 10 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 11 34.166,67
		Pagamento mensual	3 persoas 12 34.166,67
		Recadación cedido cobro á empresa xestora	141.886,57
	Gastos por conta do concello	Mantemento	0,00
		Actividades	,00
		Inversión	8.995,10
		Reforma baño da EIM da Ramallosa	Construcciones Berdullas y Loureiro S.L. 4439,60
		3 casas de xogos little tikes	Montaxes Os Ancares 1.270,50
		3 tobogáns pequenos actibaby madeira	Montaxes Os Ancares 3285,00
5.2	SAF		7.940,38
		SAF servizo básico	7.940,38
		de intervención educativa na que hai menores	3 persoas 7.940,38
6	Cotas e outras achegas		3.244,14
	Fondo Galego de cooperación		3.244,14
		Cota anual	1.419,14
		Achega puntual Campaña de refuxiados	1.825,00

**Total 688.697,61**

## Área de actuación: Igualdade

O Centro de Información á Muller (CIM) é un servizo gratuíto, individualizado e confidencial, de ámbito municipal, para as mulleres do Concello de Teo. Na oficina traballan unha psicóloga e unha avogada e entre as súas funcións destacan: as charlas sobre igualdade, as campañas e as xornadas informativas, a creación e o apoio ás asociacións de mulleres, os fondos bibliográficos, a información e a xestión sobre recursos sociais existentes e específicos para as mulleres. Ademais, e no que atinxe a área específica de infancia en vulnerabilidade, presta atención psicosocial a nenas, nenos e adolescentes que sufriron ou conviviron en contextos de violencia machista ou procesos de separación.

O CIM é o responsable tamén das actividades de conciliación familiar nos períodos non lectivos, que serían: setembro, nadal, semana santa, xuño e verán. Desde o ano 2016 tamén se fan os obradoiros durante o mes de agosto. Hai dous servizos, un é o “Diverteo” e a súa finalidade principal é favorecer a conciliación familiar e laboral das familias do concello de Teo, xa que se leva a cabo desde as 7:30 da mañá até as 15:30, e inclúe os servizos de almorzo e xantar. Aínda que a estrutura de todos os programas é a mesma, en cada un deles trabállase unha temática diferente.

Outro dos servizos é o de madrugadores e desenvólvese nos colexios de Calo e Os Tilos desde as 7:30 da mañá con servizo de almorzo se for preciso, até o comezo do horario escolar. Aproveítanse as festas locais, as estacións do ano e as datas conmemorativas importantes para traballar nestes espazos lúdicos e educativos. Este programa lévase a cabo durante todo o curso escolar.

Desde o CIM e desde hai xa máis de 10 anos, lévanse a cabo obradoiros de igualdade e autoestima nos centros educativos do Concello e serían os seguintes:

- **OBRADOIRO DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE**
  - Duración: 4 sesións.
  - Curso: 4º de primaria.
  - Obxectivos:
    - Educar nenos e nenas na corresponsabilidade.
    - Concienciar das desigualdades por razón de sexo.
    - Que o alumnado comprenda a diferenza entre o bo e o mal trato.
    - A determinación do sexo na elección profesional.



- Identificación de actitudes que xeren relacións de bo e mal trato na vida cotiá.
- Eliminar actitudes sexistas
- Fomentar a creación dunha sociedade máis xusta e equitativa.
- **OBRADOIRO DE AUTOESTIMA**
  - Duración: 4 sesións.
  - Curso: 5º de primaria.
  - Obxectivos:
    - Mellorar a autoestima dos nenos e nenas do curso.
    - Facer conscientes os rapaces e rapazas do concepto de autoestima e da súa propia.
    - Mellorar a propia imaxe.
    - Facer conscientes ao alumnado do baixón na autoestima que se pode producir nesta idade.
    - Crear unha autoestima real non inflada e banal.
    - Mellorar a confianza en si mesmos e mesmas.
    - Saber aceptar as críticas e afrontalas.
- **OBRADOIRO DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE**
  - Duración: 4 sesións.
  - Curso: 1º da ESO.
  - Obxectivos:
    - Educar os nenos e nenas na corresponsabilidade.
    - Concienciar das desigualdades por razón de sexo.
    - Que o alumnado comprenda a diferenza entre o bo e o mal trato.
    - A determinación do sexo na elección profesional.
    - Identificación de actitudes que xeren relacións de bo e mal trato na vida cotiá.
    - Eliminar actitudes sexistas.
    - Fomentar a creación dunha sociedade máis xusta e equitativa.

## Área de actuación: Mocidade

### Actividades para a mocidade 2017:

- Curso de break dance, de outubro a xuño. 1.30 horas á semana.
- Curso de teatro no instituto entre xaneiro e xuño. Dúas horas semanais.
- Sexo e sexualidade: sesións de 2 horas en todos os cursos de 4º da ESO.
- Concerto dos grupos do local de ensaio. 5 de xaneiro no centro sociocultural da Ramallosa.
- Concerto de despedida dos Medomedá, xuño, carballeira de Cornide.
- Concurso de fotografía móbil para a mocidade.
- Creación e dinamización do Instagram de Mocidade.
- Actividades de verán para a mocidade:
  - TEO/RODANDO. QUERES DAR O TEU PUNTO DE VISTA SOBRE O QUE TE RODEA? Introducción teórico-práctica ao cine documental
    - Duración: 15 horas.
    - Datas: do 17 ao 21 xullo. Horario: luns a venres de 10:30 a 13:30h.
  - Obradoiro customizado de roupa e complementos (idades: de 11 a 20):
    - Duración 6 horas.
    - Datas: do 4 ao de xullo. Horario: 11.30 a 13.00h.
- Campamentos de verán. Organízanse dous campamentos dirixidos a dous grupos de idade, de 8 días de duración:
  - crianzas de 7-11 anos: 108 participantes
  - mocidade de 12 a 17 anos: 65 participantes

### Investimentos en mocidade para o ano 2017:

- Campamentos de verán: 46.000 euros.
- Diverteo (conciliación en datas non lectivas a nivel escolar) 54.300.
- Teo madruga (conciliación datas escolares) 21.000 €.
- Actividades diversas dirixidas á mocidade: 20.000 €.
- Convenio coa Fundación Amigos de Galiza para alimentos: 50%, 4.000 €.
- Subvencións directas para actividades:
  - Conciliación ARC Tilos: 15.000 €.

## Cultura e educación

Memoria de actividades socioeducativas e culturas realizadas ao longo do ano 2017 pola área de Cultura e educacións do Concello de Teo.

### Área de actuación: actividades culturais

**Actividades de difusión realizadas no Auditorio Municipal na área de teatro, circo, maxia, danza, música...**

NOME DA COMPAÑÍA	NOME ESPECTÁCULO	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
TÍTERES CACHIRULO	AS XENERALAS DO (ESPECTÁCULO DE ENTROIDO DE XÉNERO)	4 DE XANEIRO	500€
CARAP AUS	ANIMACIÓN DA RÚA	9 DE SETEMBRO	968€
MIGALLAS TEATRO	UN AVO ESPECIAL	20 DE MAIO	1200€
EDUCA TEATRO PRODUCCIÓN S	O MUNDO MÁXICO DE PINOCHO	2 DE XUÑO	3300€
PRODUCCIÓN S TEATRAIS TALIA	FOUCELLAS (ASITEN IES)	27 DE OUTUBRO	3590€
REDRUM PRODUCCIONES	A NENA QUE QUERÍA NAVEGAR	28 DE OUTUBRO	2178€
INFANTILANDIA	CONTOS AO CADRADO	11 DE XUÑO	3500€
	POPIN QUERE APRENDER GALEGO	26 DE MAIO	
MAGO TETO	25 ANOS DE TOLEMAXIAS	22 DE DECEMBRO	2600€
PETER PUNK	PEOR IMPOSIBLE	24 DE NOVIEMBRE	975€

URDIME, S COOP.GALEGA	MAMA CABRA CONCERTO	23 DE ABRIL	2365€
URDIME, S COOP.GALEGA	PICADISCOS MARIFALTRI	16 DE DECEMBRO	605€
CUNDE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	PETISCOS DE TRES PESOS	11 DE XUÑO	907,5€
OS MODERNOS	ORQUESTRA OS MODERNOS	11 DE XUÑO	3146€
DANZA UP2DOWN	UP2DOWN	2 DE DECEMBRO	2000€
ASOCIACIÓN CULTURAL O MAXOLO	EL FLORIDO PENCIL	7 DE OUTUBRO	580€
ASOCIACIÓN CULTURAL TOLEMIA	LOW COST FOR SHAKESPEARE	13 DE OUTUBRO	580€
MAGO BENXAMÍN	MÁXICO 2017	1 DE DECEMBRO	580€

**Outras actividades:**

NOME DA ACTIVIDADE	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
CABALGATA DE REIS (PAVILLÓN DA RAMALLOSA)	5 DE XANEIRO	7,000€
ACTO ANXEL CASAL(MONTOUTO)	19 DE AGOSTO	1,000€

**Escolas culturais anuais:**

ESCOLA CULTURAL	SITIO REALIZACIÓN	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
ARTES PLÁSTICAS	AMENEIRO E TRAS DO EIXO	DE OUTUBRO A XUÑO	12.400€
ARTES ESCÉNICAS	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	DE OUTUBRO A XUÑO	10.700€





GUITARRA	CASA COMÚN DOS TILOS	DE OUTUBRO A XUÑO	7.200€
DANZA CONTEMPORÁNEA	CASA COMÚN DE CACHEIRAS	DE OUTUBRO A XUÑO	2.700€
PRE-CIRCO	CASA COMÚN MARISA MIRÁS	DE OUTUBRO A XUÑO	2.700€
PROGRAMACIÓN	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	DE OUTUBRO A XUÑO	3.500€

### Soundpainting:

ACTIVIDADE CULTURAL	SITIO REALIZACIÓN	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
SOUNDPAINTING	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	TODO O ANO DE OUTUBRO A XUÑO	DENTRO DO CONVENIO DE RESIDENCIA CON CHÉVERE

### Música:

MÚSICA	SITIO REALIZACIÓN	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
FESTIVAL DE BANDAS DE TEO	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	26 DE MARZO	ASOCIACIÓN BANDA CULTURAL DE TEO
CONCERTO ODAIKO	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	5 DE MAIO	CESIÓN LOCAL
CONCERTO SR CALO	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	30 DE SETEMBRO	CESIÓN LOCAL
CONCERTO BANDA DE TEO	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	18 DE NOVEMBRO	CONVENIO
CONCERTO BANDA DE CALO	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	26 DE NOVEMBRO	CONVENIO

**Outras colaboracións:**

COLABORACIÓNS	SITIO REALIZACIÓN	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
PRESENTACIÓN LIBRO DANZAS DO ENTROIDO	SALÓN DE PLENOS	22 DE XANEIRO	CESIÓN LOCAL
FESTA DO CRA	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	12 DE MAIO	CESIÓN LOCAL
GRADUACIÓN IES	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	19 DE MAIO	CESIÓN LOCAL
XORNADAS DE TEATRO DE TEENSES POLA IGUALDADE	AUDITORIO CONSTANTE LISTE	3, 4, 10 E 11 DE XUÑO	CESIÓN LOCAL

**Saídas:**

SAÍDAS	SITIO REALIZACIÓN	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
RUTA NOCTURNO PETRÓGLIFOS TEENSES	LUOU – CALO	15 DE XULLO E 22 12 DE AGOSTO	700€
OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA	LUOU- CALO	14 DE XULLO E 11 DE AGOSTO	900€

Nestas saídas participan fundamentalmente familias cuxas nenas e nenos xa foron anteriormente co colexio ás visitas de día.

## Área de actuación: bibliotecas, animación á lectura e contacontos

### Biblioteca dos Tilos:

NOME DA COMPAÑÍA	NOME ESPECTÁCULO	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
CLAUDIA FONSECA BRASIL(PROGRAMA FESTIVAL ATLÁNTICA)	CONTADIÑAS	18 DE MARZO	480€
MAMACABRA	AS AVENTURAS DE MAMA CABRA. OS CONTOS SAEN DOS LIBROS	13 DE MAIO(SEMANA DAS LETRAS)	500€
CARBALLO CON BOTAS	TITRICLETA	16 DE MAIO(SEMANA DAS LETRAS)	220€
PACO NOGUEIRAS	BRINCA VAI! DE AQUI PARA ALA	29 SETEMBRO	330€
BANDULLO AZUL	FILIPA COS CONTOS	21 OUTUBRO (MES DO TEATRO)	180€

### Biblioteca do Grilo, Cacheiras:

NOME DA COMPAÑÍA	NOME ESPECTÁCULO	DATA REALIZACIÓN	CUSTO
TRECOLA TEATRO	MADAME BECHAMEL E SIGNORINA BOLOGNESA	31 DE MARZO (MES DO LIBRO)	250€
PAKOLAS	AS PARÁBOLAS DE PAKOLAS	22 DE MARZO (MES DO LIBRO)	300€
LARRAITZ	BABACONTOS CON CARLOS CASARES	19 DE MAIO (SEMANA DAS LETRAS)	350€
PAVIS PAVOS	CONTOS PARA BEBÉS	(SEMANA DAS LETRAS)	250€

#### **Outras actividades da biblioteca:**

- Bibliopiscinas (en convenio coa empresa concesionaria da piscina).
- Bebeteca.
- Fondo infantil (materiais e libros seleccionados para distintas etapas de crecemento e de capacidade de lectura e comprensión).
- Visitas de escolares (houbo visita do colexio de Roxos que foran ao Gadis e nos Tilos da escola infantil).
- Materiais para potenciar creatividade (material para debuxar e pintar, crebacabezas...).
- Acceso a material educativo online a través das plataformas da Rede de Bibliotecas de Galicia (Aula Planeta...).

#### **Área de actuación: Servizo de Normalización Lingüística (SNL)**

##### Actividades de dinamización lingüísticas

- **Cartas de Nadal:** Actividade organizada polos SNL dos concellos de Ames, Santiago de Compostela e Teo destinado á comunidade escolar de Ensino Infantil e de Primaria que ten como finalidade utilizar as habituais cartas de Nadal que os nenos e nenas escriben habitualmente cada ano para impulsar o uso da lingua neste momento máxico para eles, así como provocar unha reflexión sobre as linguas e, nomeadamente, sobre a lingua galega. A actividade consiste en difundir a publicidade do concurso para cada alumno/a de Infantil e até 4º de Primaria. As cartas propoñen que cada neno/a elixa a cor que quere pórllle ao galego. As cartas recibidas recibirán unha contestación dos Magos que incluírá un marcapáxinas en papel para que os/as nenos/as constrúan e empreguen. Ademais, as cartas que mellor cumpran cos desexos dos magos reciben un agasallo especial o 5 de xaneiro.
- **Club de Debate 2017:** Organizada en colaboración cos concellos de Ames, Carballo, Ferrol, Negreira, Oleiros, Pontevedra, Rois, Santiago de Compostela e Teo. Esta actividade pretende impulsar o galego oral entre o alumnado de



Secundaria e Bacharelato, así como abrir foros de discusión sobre temas de actualidade e de interese social. A actividade conta cun curso de formación para o alumnado participante e unha fase clasificatoria distribuída zonalmente e unha final galega. A actividade desenvolveuse durante o primeiro semestre do 2017 (curso de formación e fase clasificatoria), previos á final galega. Participaron 16 rapaces e rapazas de Teo.

- **Apego:** Apego é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. Diríxese ao contexto familiar e social dos nenos e nenas nos seus primeiros anos de vida (0 a 6) para achegarlle argumentos e facilitarlle ferramentas e redes que sosteñan e arroupen a crianza en galego. O programa entrega ás persoas usuarias un agasallo de benvinda cunha caixa que contén recursos para a crianza, así como un CD con música en galego. Unha vez sumada a crianza ao proxecto os seus proxenitores e/ou proxenitoras continúan tendo unha retroactividade co proxecto, xa que reciben continuamente información sobre actividades e recursos que os diferentes concellos van xerando e que poidan ser de interese para esta poboación. Participan 55 familias de Teo.
- **Proxecto Enreguéifate:** Enreguéifate é un proxecto impulsado polos concellos de Ames, Carballo, Santiago de Compostela e Teo que apoia a difusión da improvisación oral en verso e contribuír por medio dela á promoción do uso da lingua galega. O obxectivo principal deste proxecto é que a cidadanía entre en contacto coa improvisación oral en verso a través da experiencia de regueifar, nomeadamente no ámbito escolar. Por iso, inclúe accións formativas para alumnado e profesorado, un certame de regueifas e encontro anual de regueifa. Participaron 150 alumnos e alumnas dos cursos de 6º de primaria.
- **Youtubeir@s:** Youtubeir@s nace coa vontade de conseguir que haxa máis vídeos en galego na Rede. Youtubeir@s busca incitar e facilitar que todas as persoas compartan as súas habilidades e criterios, que poidan ser de interese para outras persoas, a través dunha canle onde moitas persoas descubren, visualizan e comparten vídeos. Actualmente, Youtube é a segunda rede social máis empregada, despois de Facebook, con máis de mil millóns de usuarias e usuarios. Para lograr este obxectivo xorde Youtubeir@s, un concurso de

vídeos na Rede, coa fin de fomentar a creación de vídeos en galego, tanto de opinión como vídeos tutoriais, para a súa difusión na Internet. Youtubeir@s tamén ofrece formación específica de videocreación para compartirmos os saberes todos e aprendermos a comunicar coa linguaxe audiovisual. Trátase dunha iniciativa dos servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, Coruña, Ames, Carballo, Mazaricos, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e O Grove e das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

- **Maio, mes das Letras:** Diversas actividades que xiran arredor do autora das Letras Galegas homenaxeada durante o ano en curso, con actos, charlas e actividades, así como programas no ámbito educativo. Realízase nas datas previas ao 17 de maio.
- **Oferta puntual de actividades:** Actividades realizadas en colaboración coa Rede de Dinamización Lingüística, coa Deputación da Coruña e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Datas puntuais durante o ano.

### **Área de actuación: actividades educativas, programas socioeducativos**

A Concellaría de Educación desenvolveu neste curso diversos programas de apoio á comunidade escolar nos distintos ámbitos e con contidos socioeducativos e culturais. Estes programas perseguiron o obxectivo de complementar e enriquecer pedagoxicamente e culturalmente os cidadáns e cidadás en idade escolar, continuando o proceso da educación máis alá do eido estritamente formal.

Actividades realizadas:

- Obradoiro e contacontos con Fadatea: Esta actividade consistiu en dar a coñecer ao alumnado o mundo máxico e fantástico de Fadatea, a Fada do Concello de Teo, protectora dos libros e das bibliotecas. Neste contacontos narrouse o nacemento de Fadatea, potenciando a imaxinación e a creatividade, a partir de propostas atractivas e lúdicas.
  - **OBXECTIVOS QUE SE ALCANZARON:**



- Potenciar a imaxinación e a creatividade vinculada o mundo fantástico de FadaTea.
- Ofrecer ao alumnado unha actividades con vocabularios, terminoloxías e referencias específicas territoriais e de infraestruturas socioculturais vinculadas ao Concello de Teo
- ACTIVIDADES:
  - *Contacontos-obradoiro MANCUCO ANIMACIÓN*: Lenda do libro perdido e o nacemento de FadaTea e a bruxa da Grela.
  - *Pictoconto*: contouse o conto da do nacemento de Fadatae e a Bruxa da Grela a través dunha proxección en pantalla e dinamización con sombras con efectos artísticos e sonoros.
  - Persoas destinatarias: alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil e de Primaria até 4º curso dos centros escolares e o alumnado do CRA.
- Lugar: realizouse nos propios centros escolares agás para o CEIP A Ramallosa e o CRA que foi no Auditorio Constante Liste da Ramallosa.
- Custo: 2.000€.

Centros Educativos	CICLOS	1º TRIMESTRE
		OBRADOIRO-CONTACONTOS CON FADATEA
CEIP Os Tilos	Infantil 2º Ciclo	5 de decembro
	Primaria 1º Ciclo	5 de decembro
	Primaria 2º Ciclo	7 de decembro
CEIP Calo	Infantil 2º Ciclo	5 de decembro
	Primaria 1º Ciclo	5 de decembro
	Primaria 2º Ciclo	7 de decembro
CEIP A Ramallosa	Infantil 2º Ciclo	16 de novembro
	Primaria 1º Ciclo	16 de novembro
	Primaria 2º Ciclo	17 de novembro
CRA	Infantil 2º Ciclo	17 de novembro
	Primaria 1º Ciclo	17 de novembro

- Programa Teo 2030 de ordenación do territorio na aula: Actividade para proporcionar recursos que posibiliten o traballo nas aulas, con conceptos territoriais que configuran na contorna na que viven as rapazas e rapaces de Teo, para que puidesen ter a capacidade de facer contribucións no deseño do

Teo que desexamos para o 2030. Despois de varias chamadas aos centros educativos para os grupo de 5º e 6º de primaria, e de enviarlles o programa a actividade non resultou solicitada por ningún dos centros. Un dos motivos que tivo forza para que esta actividade non resultase solicitada polos centros foi que implicaba a realización dun obradoiro co profesorado fóra do horario docente.

- **OBXECTIVOS QUE SE INTENTABAN ACADAR E NON FOI POSIBLE:**
  - Aproximar a ordenación do territorio ás aulas.
- **ACTIVIDADES QUE SE ÍAN A REALIZAR:**
  - Unidades didácticas a traballar na aula: consistirá nun obradoiro de 90 minutos co profesorado.
  - 2 obradoiros co alumnado de 50 minutos en días separados, un de inicio e outro de recollida.
  - Discurshow (espectáculo similar aos de recoñecido formato de divulgación científica). Faríase para todos os centros no Auditorio Constante Liste da Ramallosa.
  - Persoas destinatarias: alumnado do 3º ciclo dos centros escolares.
  - Lugar: nos propios centros agás o Discurshow que tería sido no Auditorio Constante Liste da Ramallosa.
  - Custo: programa conveniado.

Centros Educativos	CICLOS	1º TRIMESTRE
		PROGRAMA TEO 2030 DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO NA AULA
CEIP Os Tilos	Primaria 3º Ciclo	Programa de Ordenación do territorio na aula (ofrecido pero non foi solicitada polo centro)
CEIP Calo	Primaria 3º Ciclo	Programa de Ordenación do territorio na aula (ofrecido pero non foi solicitada polo centro)
CEIP A Ramallosa	Primaria 3º Ciclo	Programa de Ordenación do territorio na aula (ofrecido pero non foi solicitada polo centro)

- Música na escola:





- Realizáronse varios concertos coa presentación do libro-disco *Un conto ao revés* de Chuchés Amil, editado pola editorial Galaxia dentro da colección Sonarbore.
- **OBXECTIVOS:**
  - Fomentar o coñecemento e o gusto musical do alumnado.
  - Inculcar nos nenos e nenas o gusto por diferentes tipos de música.
  - Coñecer e respectar as principais manifestacións musicais da nosa cultura.
- **ACTIVIDADES:**
  - **FRAN AMIL:** *Un conto ao revés* de Chuchés Amil. Nas cancións deste libro-disco vívese unha historia de dous irmáns soñadores que soñan historias que son soños. No conto que o acompaña viven cancións para facernos rir e cantar. Música contemporánea: pop-rock para incentivar a escoita e o baile das nenas e nenos.
  - **Persoas destinatarias:** alumnado de 2º Ciclo de Infantil e de 1º Ciclo de Primaria dos centros escolares.
  - **Lugar:** Realizouse nos propios centros escolares agás para o CEIP A Ramallosa e o CRA que foi no Auditorio Constante Liste da Ramallosa.
  - **CUSTO:** 1.500€

Centros Educativos	CICLOS	2º TRIMESTRE
		CONCERTO CON FRAN AMIL DE CHUCHES AMIL
CEIP Os Tilos	Infantil 2º Ciclo	2 de marzo
	Primaria 1º Ciclo	2 de marzo
CEIP Calo	Infantil 2º Ciclo	3 de marzo
	Primaria 1º Ciclo	3 de marzo
CEIP A Ramallosa	Infantil 2º Ciclo	2 de marzo
	Primaria 1º Ciclo	2 de marzo
CRA	Infantil 2º Ciclo	2 de marzo
	Primaria 1º Ciclo	2 de marzo

- Maxia co Mago Xacobe:
  - Espectáculo de maxia, que como instrumento pedagóxico posúe un gran valor educativo, no senso de potenciar a intelixencia emocional das nenas



e nenos, a través do desenvolvemento do autoconceito e autoestima. Pois os nenos e nenas non só lles fascina ver a maxia, senón que despois desexan ferventemente converterse en pequenos magos e magas vencendo as súas timideces.

- **OBXECTIVOS QUE SE ALCANZARON:**
  - Fomentar o coñecemento e o gusto pola maxia do alumnado.
  - Desenvolver o sentido da observación e a valoración.
  - Potenciar a creatividade a imaxinación
- **ACTIVIDADES:**
  - **ESPECTÁCULO INTERACTIVO DE MAXIA CO ALUMNADO.**
  - Destinatario: alumnado do 2º e 3º ciclo de Primaria
  - Lugar: nos propios centros
  - Data: no segundo trimestre escolar.
  - CUSTO:1.500€

Centros Educativos	CICLOS	2º TRIMESTRE MAXIA CO MAGO XACOBE
CEIP Os Tilos	Primaria 2º Ciclo	2 de marzo
	Primaria 3º Ciclo	2 de marzo
CEIP Calo	Primaria 2º Ciclo	3 de marzo
	Primaria 3º Ciclo	3 de marzo
CEIP A Ramallosa	Primaria 2º Ciclo	2 de marzo
	Primaria 3º Ciclo	2 de marzo

- **COÑECE O TEU CONCELLO:** Programa de visitas escolares: Programa didáctico de visitas guiadas ao patrimonio natural e histórico do noso concello dirixidas ao alumnado dos centros escolares, dirixido a todos os ciclos.
  - **OBXECTIVOS QUE SE ALCANZARON:**
    - Fomentar o coñecemento dos espazos de interese natural do concello.
    - Coñecer a historia e as tradicións específicas do noso territorio.
    - Valorar e respectar o patrimonio natural, cultural e histórico do noso concello.



- Recoñecer o medio natural, social e cultural e as mudanzas e transformacións relacionados co paso do tempo.
- ACTIVIDADES:
  - Ofertáronse rutas guiadas para cada ciclo educativo, deseñadas atendendo ás características da idade de cada grupo, e en quendas de 60 rapazas/ces aproximadamente.
  - A visita guiada contou con persoal especializado, pero o alumnado asistiu ás actividades acompañado polo seu profesor/a titor/a, que colaboraron para que a actividade se desenvolvese axeitadamente.
  - No caso de 2º ciclo de Infantil e de primaria até 2º ciclo as actividades estiveron vinculadas co traballado no 1º trimestre nos contacontos o mundo fantástico e máxico de Fadatea protectora dos libros e das bibliotecas do Concello e relacionado coas referencias territoriais que se ían a visitar, e que no 1º trimestre xa se traballaran.
  - Nesta actividade, ao realizarse en exterior, houbo bastantes modificacións de datas debido ás condicións meteorolóxicas.
  - Visitas á casa do concello. O 26 de outubro de 2017 tivo lugar a visita dos escolares de 2º de Educación Primaria do CEIP A Ramallosa á casa do concello (o curso en que se introduce a organización municipal a nivel curricular). Nesta visita son recibidos polo Alcalde, que guiou o alumnado. Durante a explicación o alcalde pregúntalles sobre as necesidades que teñen no colexio, na parroquia onde viven, etc, e vai relacionando as súas respostas coas competencias de cada departamento municipal. De especial interese resulta a acollida do alumnado polo departamento municipal de Cultura, onde se reflexiona co alumnado sobre as orixes da democracia a través da historia do teatro, e fiando así a explicación das primeiras formas de goberno na Grecia clásica coa visita ao concello. Esta actividades teñen como antecedente en anos anteriores as visitas a servizos do concello como forzas de seguridade ou Protección Civil, sempre a petición dos colexios.



*2. Ilustración: Visita á Casa do Concello do 2º curso do  
CEIP A RAMALLOSA. Curso 2017-18.*

- Aos itinerarios citados debemos engadir que nestes últimos anos os centros escolares realizaron visitas á Casa do Concello onde puideron interactuar co persoal técnico e con responsabilidades políticas, como o alcalde.
- Os itinerarios a realizar foron:
  - ED. INFANTIL : RUTA DE FRANCOS
    - Destinatario: alumnado de 2º ciclo de Infantil.
    - Lugar: Francos – Calo
  - PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA : RUTA DA GRELA
    - Persoas destinatarias: alumnado de 1º ciclo de primaria.
    - Lugar: A Grela – Lampai
  - SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA : RUTA DO ULLA
    - Persoas destinatarias: alumnado de 2º ciclo de Primaria.
    - Lugar: Xermeade – Reis
  - TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA : RUTA DA BATALLA DE CACHEIRAS
    - Persoas destinatarias: alumnado de 3º ciclo de Primaria.
    - Lugar: De Bamonde a Oza
- CUSTO: 2.200€

Centros Educativos	CICLOS	3º TRIMESTRE
CEIP Os Tilos	Infantil 2º Ciclo ( 2 sesións)	Ruta de Francos 31 de maio e outro grupo o 1 de xuño
	Primaria 1º Ciclo	Ruta da Grela (non se realizou)
	Primaria 2º Ciclo ( 1 sesión)	Ruta do Ulla 8 de xuño
	Primaria 3º Ciclo	Ruta á Batalla de Cacheiras (non se realizou)
CEIP Calo	Infantil 2º Ciclo ( 2 sesións)	Ruta de Francos 19 de maio
	Primaria 1º Ciclo (1 sesión)	Ruta da Grela 24 de maio
	Primaria 2º Ciclo ( 2 sesións)	Ruta do Ulla 22 de maio
	Primaria 3º Ciclo	Ruta á Batalla de Cacheiras 23 de maio
CEIP A Ramallosa	Infantil 2º Ciclo	Ruta de Francos (non se realizou)
	Primaria 1º Ciclo ( 2 sesións)	Ruta da Grela 22 de xuño
	Primaria 2º Ciclo ( 2 sesión)	Ruta do Ulla 19 de xuño
	Primaria 3º Ciclo	Ruta á Batalla de Cacheiras 24 de xuño
CRA	Infantil 2º Ciclo (1 sesión)	Ruta de Francos 15 de xuño
	Primaria 1º Ciclo (1 sesión)	Ruta de Francos 15 de xuño

- A maiores do anterior, co alumnado do IES Cacheiras tamén se realizou:
  - 2º DA ESO : RUTA BATALLA DE CACHEIRAS
    - Persoas destinatarias: alumnado de 2º ESO de IES Cacheiras e IES Carral.
    - Lugar: Bamonde – Cacheiras
    - Data: 23 abril
  - 2º DA ESO : PETRÓGLIFOS CORNIDE
    - Persoas destinatarias: alumnado de 1º ESO.
    - Lugar: Luou – Calo
    - Data: 2 de decembro

- Alumnado: 132
- Fixéronse 3 grupos de alumnos/as sobre 40 por cada grupo.

HORARIOS	GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3
9:30- 11:00	Visita Estacións: Río Angueira, Outeiro do Corno (Pablo)	Visita estación de Mouromorto	Proxección e simulacións con réplicas de armas prehistóricas
11:00- 12:30	Proxección e simulacións con réplicas de armas prehistóricas	Visita Estacións: Río Angueira, Outeiro do Corno (Pablo)	Visita estación de Mouromorto
12:30 – 14:00	Visita estación de Mouromorto	Proxección e simulacións con réplicas de armas prehistóricas	Visita Estacións: Río Angueira, Outeiro do Corno (Pablo)

## Área de actuación: Grupo de traballo de Educación Ambiental do CEM

### 0. CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO.

En decembro de 2016 constitúese o grupo de traballo no Consello Escolar Municipal que vai desenvolver o proxecto. Na sesión de constitución márcanse as liñas sobre as que se desenvolveu o proxecto, estrutúrase un cronograma do proceso e recóllense as propostas das persoas participantes. Acórdase un calendario de reunións para facer efectiva a coordinación e apróbase que a fase de implementación do proxecto nos centros. Actividades para o ano 2017 polo Día da Árbore:

- Obradoiro de separación e tratamento de lixo.
- Entrega de colectores aos centros.

- Entrega de dossier ao profesorado.

1. ORZAMENTO EXECUTADO: Aproximadamente 2.000€.

2. CONTACTO COS CENTROS DE ENSINO.

Faise unha presentación do proxecto aos centros de ensino do concello, recóllense propostas do profesorado e noméase unha persoa coordinadora. A acollida da proposta é positiva.

3. CONTACTO COAS EMPRESAS ENCARGADAS DA XESTIÓN DO LIXO PARA COORDINAR AS RECOLLIDAS.

Unha vez detectadas as necesidades materiais e de organización de cada caso, contáctase coas empresas que se encargan da xestión do lixo, GESECO e COREGAL, para solicitarlles a instalación dos colectores precisos e a organización da recollida de acordo cos tempos acordados. COREGAL instalou colectores de papel nos CEIP de Calo, dos Tilos, da Ramallosa e no IES de Cacheiras, para o cal GESECO forneceu tamén colectores de plástico para o patio.

5. CONCURSO PARA ESCOLLER UN LOGO QUE IDENTIFIQUE A CAMPAÑA.

En colaboración co departamento de debuxo do IES de Cacheiras convócase un concurso de deseño do logo para identificar a campaña. Redáctanse as bases e establécense os premios para as persoas gañadoras que recibiron un diploma e un vale para mercar material escolar en establecementos comerciais de Teo de 60€ e 40€ para o primeiro e segundo clasificado respectivamente.

Temos que destacar que se ben o número de participantes foi reducido, o nivel dos traballos presentados foi moi bo o que fixo que se cumprira o obxectivo de que fora o alumnado o que fixera o deseño do logo. Todos os alumnos e alumnas que presentaron traballo recibiron un pequeno agasallo. Co logo gañador fixéronse adhesivos que serven para identificar os colectores e carteis que conteñen información de utilidade.



## 6. OBRADOIROS E CHARLAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL.

Nos días anteriores e seguintes ao día da árbore, 21 de marzo, desenvolvéronse nos distintos centros de ensino obradoiros e charlas de educación ambiental que tiñan como obxectivo a formación do alumnado sobre a dinámica a seguir para conseguir unha recollida selectiva de lixo. Para o desenvolvemento destas sesións de formación contouse coa colaboración de GESECO, das persoas que participan no proxecto Teo Sostible e de Greenpeace e desenvolvéronse de acordo ao seguinte calendario:

### 6.1. Educación Infantil:

ESCOLA	DATA	HORARIO
CEIP A IGREXA-CALO (Seis unidades: cinco sesións)	Mércores 15-3.17	A partir das 9:15
CEIP A RAMALLOSA (Cinco unidades: catro sesións?????)	Xoves 16 de Marzo	A partir das 11:30 (Recreo de 12:00 a 12:30)
CRA DE TEO.Cacheiras (dúas unidades)	Venres 17-3.17	A partir das 12:30
CRA DE TEO. Raxó (unha unidade)	Mércores 22-3-17	A partir das 12:00
CRA DE TEO. Recesende (unha unidade)	Mércores 22-3-17	A partir das 13:30
CRA DE TEO. Casalonga (unha unidade)	Xoves 23-3-17	A partir das 11:00
CRA DE TEO. Reis (dúas unidades)	Xoves 23-3-17	A partir das 12:30
CEIP OS TILOS(Seis unidades: cinco sesións)	Mércores 29-3.17	A partir das 9:00

### 6.2. Educación primaria e 1º da ESO:

	XOVES 16	VENRES 17	LUNS 20	MARTES 21	MÉRCORES 22
1ª	1º CEIP OS TILOS	6º CEIP OS TILOS		1º CEIP A IGREXA-CALO	
2ª	2º CEIP OS TILOS		3º CEIP A RAMALLOSA	2º CEIP A IGREXA-CALO	
3ª	3º CEIP OS TILOS		4º CEIP A RAMALLOSA	3º CEIP A IGREXA-CALO	
4ª	4º CEIP OS TILOS	1º CEIP A RAMALLOSA	5º CEIP A RAMALLOSA	4º CEIP A IGREXA-CALO	1º IES DE CACHEIRAS
5ª	5º CEIP OS TILOS	2º CEIP A RAMALLOSA	6º CEIP A RAMALLOSA	5º CEIP A IGREXA-CALO	1º IES DE CACHEIRAS

Obradoiros con Greenpeace: Xoves 18 de maio no IES de Cacheiras para alumnado de 1º da ESO. Faise unha sesión por cada aula (5 aulas).

## 7. COMPRA DE COLECTORES.

Dotouse a cada aula de colectores diferenciados: en cada aula de Educación Infantil e Educación Primaria entregáronse dous colectores: un para plástico e outro para papel. No caso do instituto só se entregou unha para o papel e distribuíronse colectores para plástico para as zonas comúns.



O custo destes 180 colectores fíxose con cargo ao Departamento de Medio Ambiente do concello de Teo xa que os que de xeito gratuíto ofrecía ECOEMBES non eran axeitados debido ao seu gran tamaño.

#### 8. PROPOSTAS DE TRABALLO PARA O PRÓXIMO CURSO.

- Xornada de formación para os delegados/as do IES de Cacheiras.
- Entrega de información aos centros.
- Creación dun banco de recursos multimedia para o emprego nas aulas.
- Desenvolvemento de obradoiros sobre reciclaxe e consumo responsable.

## Deportes

A Concellaría de Deportes do Concello de Teo ofertou ao longo do ano 2017 unha ampla gama de actividades deportivas municipais.

### 1.- OBXECTIVOS XERAIS:

- Estructurar o deporte municipal mediante a súa xestión e planificación para formar, educar e instruír o maior número de persoas posibles.
- Incrementar e mellorar a nosa estrutura deportiva municipal.
- Fomentar a práctica deportiva no concello coma hábito de vida saudable en todas as franxas de idades.
- Ofertar actividades deportivo-recreativas como alternativa do tempo de lecer.

### 2.- PROGRAMAS:

- Dentro da programación anual temos as seguintes actividades:

<u>ACTIVIDADES ANUAIS</u>	<u>PARTICIPANTES</u>	
	<b>NENOS</b>	<b>NENAS</b>
<b>ESCOLAS DEPORTIVAS (3-17 anos)</b>		
BAILE KIDS	1	10
BALONCESTO	10	6
KÁRATE	7	1
KICKBOXING	7	10
PATÍN	6	139
MINITENIS	7	5
PSICOMOTRICIDADE	5	10
TIRO CON ARCO	4	3
CICLISMO	5	5

BÁDMINTON	2	3
RUGBY E FÚTBOL AMERICANO	7	0
BÉISBOL	1	0
SKATE	6	3
TENIS	30	8
ATLETISMO	7	8
PÁDEL	6	0
JUDO	8	2
XADREZ	2	1
BICITRIAL	15	0
TAEKWONDO	12	3
VOLEIBOL	2	5
NATACIÓN	73	100
<b>ACTIVIDADES PUNTUAIS</b>		
CARREIRA PEDESTRE	214	167
RUTAS DE SENDEIRISMO	10	10

- Estas actividades lévanse a cabo nas seguintes instalacións deportivas:

**INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

Pavillón polideportivo dos Tilos – Parroquia dos Tilos

Pavillón polideportivo Ezequiel Mosquera – A Ramallosa - Parroquia de Lucí

Pavillón polideportivo de Calo – Parroquia de Calo



Campo de fútbol A Cañoteira – Parroquia de Cacheiras
Campo de fútbol de Praíña – Pontevea - Parroquia de Reis
Campo de fútbol de Calo – Parroquia de Calo
Piscina cuberta – A Ramallosa - Parroquia de Lucí
Piscina descuberta de Luou – Insua - Parroquia de Luou
Piscina descuberta dos Tilos -Parroquia dos Tilos
<b>OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS</b>
Instalacións deportivas nos centros educativos – Parroquias de Calo, Lucí e Os Tilos
Instalacións deportivas das asociacións deportivas do Concello – Parroquia dos Tilos

### 3.- RESULTADOS:

Ano tras ano o número total de participantes é maior. A xente comenza a estar concienciada de que co deporte contribuímos á boa saúde.

### 4.- VALORACIÓN:

Cada ano aumentamos a oferta de actividades polo que o número de participantes en cada unha delas varía. Como un dos obxectivos é fomentar a práctica deportiva no concello como hábito de vida saudable, ofértanse moitas modalidades para que os nenos e as nenas poidan probar diferentes actividades deportivas e ninguén deixe de facer deporte.

A valoración destes últimos anos é moi positiva. Cada ano maior demanda o que implica maior oferta.

### 5.- INVESTIMENTO:

- Escolas deportivas: 61.989 euros
- Carreira pedestre: 12.000 euros
- Rutas de sendeirismo: 1.000 euros

## Servizos básicos

A seguir móstrase a relación dos gastos executados durante a anualidade 2017 pola área de Servizos básicos do Concello de Teo, destinada en gran medida á infancia e á adolescencia como poden ser melloras en parques infantís, mantementos e gasóleo de calefacción en colexios ou marquesiñas do transporte escolar:

- Gasóleos de calefacción nas escolas unitarias: 4.695,68€
- Reparacións en parques infantís: 6.806,25€
- Renovación de xogos e parques infantís completos: 47.473,93€
- Reparacións de marquesiñas destinadas ao transporte escolar: 3.502,05€
- Substitución de marquesiñas destinadas ao transporte escolar: 5.858,75€

A maiores, realízase mantemento periódico dificilmente cuantificable tanto das zonas verdes como dos edificios dos CEIPs e das escolas unitarias coas propias brigadas municipais.

## 5. FUNCIONAMENTO DO FoPIA

A finais do ano 2017 creouse o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) do Concello de Teo<sup>1</sup>. Os primeiros pasos consistiron na realización no mes de novembro e decembro de obradoiros formativos e de diagnose nas 7 aulas de 6º de primaria dos tres centros de educación primaria do concello e nas 5 aulas de 1º da ESO do instituto (IES de Cacheiras). A idea é durante este curso 2017-18 comezar coa participación do alumnado de 6º de primaria e de 1º da ESO para nos seguintes anos ir ampliando a participación a outros niveis. Neses obradoiros, ademais de dar formación sobre o proxecto das Cidades Amigas da Infancia da UNICEF, tamén se traballou sobre que é a participación. Nos CEIP do concello e na ARC Os Tilos realizouse unha enquisa entre todo o alumnado para coñecer a súa opinión e valoracións sobre o Concello de Teo e posteriormente realizouse outra sesión para a recollida de propostas para mellorar os seus dereitos a nivel municipal. No IES de Cacheiras realizáronse máis sesións (3 por aula) e elaborouse unha diagnose colectiva do territorio, terminando tamén coa elaboración e selección de propostas. O conxunto de propostas dos centros foi presentado polos e polas representantes na primeira reunión do FoPIA.

Tendo en conta a experiencia nestes obradoiros e tomando como exemplo o funcionamento de foros semellantes noutros concellos, creouse o seguinte regulamento básico para representantes do FoPIA<sup>2</sup> no Consello Local da Infancia e a

- 1 Como antecedente máis próximo ano FoPIA podemos destacar que nestes últimos anos os centros escolares realizaron visitas á Casa do Concello onde puideron interactuar co persoal técnico e con responsabilidades políticas, como o alcalde. No ano 2017 foron os CEIP da Ramallosa e dos Tilos quen realizaron esa visita. Vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=hTScgs-CEwU&feature=youtu.be>
- 2 Regulamento aprobado o día 26 de xaneiro de 2018 na primeira reunión do FoPIA, realizada no Salón de Plenos do Concello de Teo, contando coa presenza de 24 representantes de 6º de primaria, de 1º da ESO dos centros escolares do concello e da ARC Os Tilos. Esta primeira reunión foi só para representantes, de forma a axilizar a toma de decisións e a aprobación do regulamento. Ás vindeiras reunións do FoPIA está previsto que poidan asistir todas as persoas menores que o desexaren. O

Adolescencia:

### **Regulamento para representantes do Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia de Teo (FoPIA)**

- Todas as persoas menores de idade que formen parte do Consello deberán acreditar ante a Secretaría do CLIA que teñen autorización escrita das súas persoas responsables legais para poderen formar parte deste.
- As nenas, nenos e adolescentes representantes dos centros educativos de primaria e de secundaria do noso municipio e das entidades específicas determinadas polo CLIA (como a ARC Os Tilos), serán elixidas/os democraticamente en cada unha das aulas dos centros e das entidades específicas:
  - Nesas eleccións só poderán votar as persoas menores de idade adscritas a cada unha desas aulas ou entidades.
  - A súa representación terá a vixencia dun curso académico, podendo ampliarse até un máximo de 3 cursos académicos.
  - O proceso de elección de persoas representantes garantirá o voto secreto, a participación de todas as persoas e a paridade de rapazas e rapaces. Para este fin, escollerase en cada centro ou entidade 1 rapaz e 1 rapaza como representantes. Esas dúas persoas poderán alternarse na representación nas reunións tanto de representantes como do CLIA.
- As persoas representantes de cada aula ou entidade terán as seguintes funcións:
  - Recoller todas as propostas, suxestións e comentarios do resto do alumnado da súa aula ou entidade. As propostas que se escollan para levar á reunión de representantes poderá realizarse en cada aula ou entidade mediante consenso ou por votación, sendo aceptada a proposta por maioría simple.
  - Recoller todas as suxestións presentes na caixa de suxestións situada en cada centro ou entidade, e na cal pode participar todo o mundo que teña

---

Regulamento, tanto do FoPIA como do CLIA, foi tamén aprobado polo Pleno do Concello de Teo o día 30 de xaneiro de 2018.



entre 11 e 16 anos. Cada centro ou entidade designará unha persoa encargada de recoller as suxestións antes de cada reunión de representantes, establecéndose quendas segundo o que se acorde na primeira reunión de representantes.

- Reunirse con resto das persoas representantes membros do FoPIA, presentar as propostas de cada aula ou entidade e decidir que propostas se levarán ás reunións do CLIA. Estas reunións contarán coa presenza e dinamización de, no mínimo, 1 persoa técnica. Nestas reunións seleccionaranse, así mesmo, as 26 persoas menores que asistirán ao CLIA caso o número de representantes for maior desa cifra. O proceso de selección será: por voluntariedade e por consenso ou votación, caso for preciso.
- Asistir ás reunións do CLIA e transmitir os debates e acordos tomados na reunión de representantes.
- Informar as persoas representadas (aula ou entidades) dos acordos tomados no CLIA.



*3. Ilustración: Obradoiro formativo sobre participación e o programa CAI no IES de Cacheiras (decembro de 2017).*





4. *Ilustración: Primeira reunión do FoPIA.*

## 6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS E EXTERNOS

### Mesa de coordinación interna

O Concello de Teo ao longo do ano 2017 coordinou as accións das súas diferentes áreas tanto a través das sesións da Xunta de Goberno Local como dos plenos da corporación local. Contouse ademais con comunicación fluída cos centros de ensino, as ANPAS e as asociacións locais. Esta coordinación viuse reforzada a partir de decembro de 2017 coa creación da Mesa de coordinación interna<sup>3</sup>, creado especificamente para aquelas áreas que traballan directa ou indirectamente coa infancia e a adolescencia, principalmente:

- Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal.
- Cultura e educación.
- Deportes.
- Servizos básicos.

O obxectivo deste órgano é mellorar a articulación dos traballos entre concellarías, a comunicación interna e a posta en común de recursos e necesidades, sempre tendo en mente os dereitos da infancia e a adolescencia, así como a necesidade de ter en conta a opinión e propostas das persoas menores.

### Mesa Comunitaria (de coordinación externa)

Dando continuidade á comunicación fluída cos centros de ensino, as ANPAS e as asociacións locais, a finais de 2017 realizáronse obradoiros formativos para o profesorado dos tres colexios, as ANPAS e as monitoras da ARC Os Tilos, como paso

---

3 A primeira reunión da Mesa de coordinación interna realizouse xa no ano 2018, o día 15 de xaneiro, nas dependencias do Concello de Teo, e contouse coa presenza de persoal técnico e responsables políticos das concellarías de Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal, Cultura e educación, Deportes e Servizos básicos.

previo á convocatoria, xa en 2018, da primeira reunión da mesa de coordinación externa. A esta Mesa Comunitaria<sup>4</sup> convocouse a persoas representativas do profesorado, das familias, do ámbito da saúde pediátrica, da ARC Os Tilos, de Teeenses pola Igualdade, da Asociación Familias Numerosas dos Verxeis, de familias en situación de dificultade social, das forzas de seguridade, e outras persoas e entidades relacionadas directa ou indirectamente cos dereitos da infancia e a adolescencia.

---

4 A primeira reunión da Mesa Comunitaria realizouse o día 20 de febreiro de 2018.

## 7. ORZAMENTO EXECUTADO

A seguir detállase o orzamento executado no ano 2017 segundo as diferentes áreas do Concello detalladas nos puntos anteriores e en total:

Concellarías	Orzamento executado (ano 2017)
Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal	1.387.788,29 €
Cultura e educación	90.434,50 €
Deportes	74.989,00 €
Servizos básicos	68.336,66 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.621.548,45 €</b>

Gastos por concellarías:





Ilustración 5: Orzamento executado relacionado coa infancia e a adolescencia no ano 2017 segundo as concellarías do Concello de Teo.

Gastos por áreas de traballo:



*Ilustración 6: Orzamento executado relacionado coa infancia e a adolescencia no ano 2017 segundo áreas de traballo do Concello de Teo.*

O total do orzamento do Concello de Teo para o ano 2017 foi de 17.865.823,19€, representando o orzamento executado relacionado directamente coa infancia e a adolescencia un 9,08% do total do investimento realizado.

## **8. VALORACIÓN GLOBAL E CONCLUSIÓNS**

Os obxectivos propostos desde as diferentes áreas de traballo do Concello de Teo, e expostos de forma resumida neste documento, cumpríronse de forma global segundo o esperado, detectándose escasas desviacións nas previsións iniciais.

Na área de Servizos Sociais Comunitarios pódese destacar o lixeiro aumento na demanda dos seus servizos, así como unha maior incidencia das actividades orientadas á mocidade, tanto se nos referimos ás organizadas ou promovidas desde as áreas de Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal e de Cultura, como ás organizadas desde a área de Deportes, cuxas actividades cada ano contan con maior demanda.

Esta maior demanda xeral de servizos e actividades ofertados polo Concello implica que existe tamén un maior coñecemento por parte da poboación e unha maior adecuación ás súas necesidades. Talvez outro elemento a destacar para explicar este punto sexa a melloría na comunicación deses servizos e actividades por medio do reforzo de canles comunicativas existentes (boletíns InformaTeo, Revista TeoVivo) e da apertura de novas, por exemplo, coa nova páxina web (teo.gal) ou novas redes sociais (Instagram, Facebook, Twitter), para alén da posta en marcha desde 2016 da plataforma de participación cidadá, Somos Teo.

A pesar de todo o anterior, débese salientar que algunhas actividades tiveron pouca ou ningunha participación e a incidencia do xénero á hora de escoller as actividades culturais e deportivas. É un dato indicativo de que se debe seguir no camiño de mellorar a comunicación e detectar as necesidades da poboación infantil e xuvenil, ao tempo que nos reafirma na necesidade de establecer novas canles de participación, como o FoPIA e as mesas de coordinación interna e externa. Nesta breve análise non podemos deixar de ter en conta outras circunstancias, como, por exemplo, a influencia das múltiples actividades de lecer e servizos que se ofrecen na cidade de

Santiago de Compostela, grande polo de atracción para a veciñanza de Teo debido á súa proximidade e boa comunicación.

O proceso iniciado no último trimestre de 2017 para a obtención do selo de Cidade Amiga da Infancia da UNICEF, implica para o Concello de Teo reafirmarse no camiño xa iniciado nos últimos dous anos de traballo, ao mesmo tempo que nos propón unha metodoloxía de traballo perfectamente adaptable á cultura participativa que se quere fomentar desde a administración local. Consideramos, polo tanto, que o ano 2017 asentou unhas bases que tentaremos ampliar e consolidar ao longo deste 2018, sobre todo, no que se refire á participación das persoas menores de xeito que se chegue a garantir o máximo posible o cumprimento dos seus dereitos.

## 9. FONTES CONSULTADAS

- ✓ Instituto Galego de Estatística, <https://www.ige.eu>
- ✓ Instituto Nacional de Estadística, <http://www.ine.es>
- ✓ Datos internos do Concello de Teo e das áreas de:
  - Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal.
  - Cultura e educación.
  - Deportes.
  - Servizos básicos.
- ✓ Datos internos dos CEIP de Calo, Os Tilos e A Ramallosa, do CRA e do IES de Cacheiras.